

ACORDOS
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 14 DE AGOSTO DE 2015

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 13.00 horas, do día catorce de agosto de dous mil quince, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcaldesa en funcións:

D^a Inés Santos Pereiro

Concelleiros:

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretario acctal:

D. Alfonso García Ferreira

ORDE DO DIA

1. LECTURA E APROBACION DA ACTA ANTERIOR.-
2. APROBACION DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA ORA CAMIÑO DA ESTRADA DE ANXERIZ A CAMIÑO A REBORDELOS E OUTRO
3. ESCRITOS DE VECIÑOS.-
4. ESCRITOS OFICIAIS.-
5. COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.-
6. ROGOS E PREGUNTAS.-

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.-

Acordos adoptados:

- 1.Aprobación do acta da sesión anterior.

2. APROBACION DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA ORA CAMIÑO DA ESTRADA DE ANXERIZ A CAMIÑO A REBORDELOS E OUTRO.-

Acordos adoptados:

- 1.Aprobar o Plan de seguridade e saúde da obra CAMIÑO DA ESTRADA DE NXERIZ A CAMIÑO A REBORDELOS E OUTRO.
- 2.Notificar esta resolución á empresa adxudicataria

3. ESCRITOS DE VECIÑOS.-

- a) De A.C.L., de Vilar - Castenda, denuncia colocación de portal xunto a camiño público, sen gardar as distancia legais oportunas por parte do seu veciño don M. N. L..

Acordos adoptados:

Tómase en consideración e dase traslado aos servizos técnicos e administrativos para que informen.

- b) De veciño de Leobalde solicitando acondicionamento de terreo situado ao largo da antiga escala de Paradela, axuda para celebración de festas e realización de trámites oportunos ante as compañías de telefonía para mellara de comunicación por internet.

Acordos adoptados:

Acordase o acondicionamento solicitado, tomar en consideración a petición da axudas para festas a fin de incluíla no vindeiro orzamento municipal e realizar as xestións ante as compañías subministradoras dos servizos de internet co fin de que mellaren a calidade da prestación do servizo.

4. ESCRITOS OFICIAIS.-

- a) Da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, comunicando o calendario laboral para o ano 2016 e solicitando o sinalamento dos dous días de festas de carácter retribuído e non recuperable para o vindeiro ano.

Acordos adoptados:

A Xunta acorda incluílo no vindeiro Pleno da Corpración para que formule a proposta.

- b) b) Da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, S.A., comunicando horario de oficina e servizos que se presta na localidade.
- c) De Augas de Galicia, comunicando que debido a Seca, activouse o estado de prealerta hidrolóxico o pasado día 10 de xullo.

A Xunta de Goberno dase por enterada.

- d) Da Federación Española de Municipios e Provincias, pola que se comunica a convocaoria de axudas para instalacións deportivas municipais.
- e) Da Secretaría Xeral de Cultura, pola que se notifica que este Concello non resultou adxudicataria por mor do límite orzamentario das axudas destinadas á colaboración en materia de arquivos.

A Xunta de Goberno dase por enterada.

- f) Da Xerencia de Turismo da Xunta de Galicia, polo que comunica a concesión de subvención por un importe de 3.551, 12 euros para a actualización e sinalación da rota de sendeirismo PR-G 88 Bardaos - Castena e da rota PR G89 Santaia - Cabaleiros, renovación de elementos existentes.
- g) Da Consellería de Traballo e Benestar Social polo que se remite convenio de cooperación entre a Consellería de Traballo e Benestar e o concello de Tordoia para o equipamento do Punto de Atención á Infancia Municipal, asinado con data 14 de xullo de 2015.

Acordos adoptados:

Dar conta no vindeiro Pleno.

5. COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.-

A) De A. G. G., de Ribeiro - Anxeriz, para arranxar grietas en fachada da súa vivencia e posterior pintado.

Acordos adoptados:

Autorizar as obras.

B) De J.A.C.G., de Fontán - Vila de Abade, para substitución de tella da súa vivencia.

Acordos adoptados:

Autorizar as obras.

6. ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.